

Prevencción

Entendemos como prevención e defensa contra os incendios forestais o conxunto de medidas e accións encamiñadas á prevención e protección do monte contra os incendios forestais, como actuacións selvícolas, educación ambiental, predición do risco de incendio, rede de vixilancia e detección.

⇒ Actuacións selvícolas:

Consiste en actuar sobre a vexetación para crear unha discontinuidade tanto vertical como horizontal nos combustibles, de xeito que de producirse un incendio, este teña unha menor capacidade de propagación.




⇒ Educación ambiental:

Dar a coñecer á sociedade a problemática dos incendios forestais e os beneficios que o coidado do medio aporta á sociedade é fundamental para que se impliquen na súa conservación.

⇒ Predición do risco de incendio:

Para establecer o risco de incendio tense en conta a predición meteorolóxica, o estado da biomasa vexetal e o estado do solo.



⇒ Rede de vixilancia e detección:

É imprescindible contar cunha rede de vixilancia na que se detecten os incendios o máis rapidamente posible para poder actuar. Estas redes poden estar compostas por cámaras de vixilancia, drones e casetas fixas de vixilancia etc.

Mergúllate na rede!

Podes coñecer o risco de incendio forestal na tua zona grazas o IRDI, é un índice que se actualiza diariamente e que se pode consultar en internet.

Este índice establece o risco diario de incendio forestal en función de:

- Condicións de seca nos últimos meses
- Condicións de seca nas últimas semanas e días
- Condicións actuais de humidade
- Condicións actuais de vento




Aprendo na casa...

Aula temática Pinzás

U5

Os incendios forestais: causas, impacto, consecuencias e prevención

comunidade montes de pinzás





Podemos definir **incendio forestal** como un lume que se estende sen control sobre combustibles forestais situados no monte.



Lume de superficie

É aquel que afecta á vexetación herbácea e arbustiva, sen chegar a alcanzar as copas das árbores. É o tipo de lume forestal máis frecuente.



Lume de copas

É aquel que afecta ás copas das árbores. É un tipo de lume que avanza con moita máis rapidez que os lumes de superficie ou de subsolo.



Lume de subsolo

É aquel que afecta á materia que se atopa baixo a superficie do solo propagándose de xeito moi lento. Son lumes complicados de apagar.



Causas

Os incendios poden ter a súa orixe en causas naturais ou na actividade humana, existen ademais un gran número de incendios de orixe descoñecida.

➤ **Lumes provocados por causas naturais**

Este tipo de incendios son os menos frecuentes, sobre un 5% e están provocados por procesos naturais como a caída de raios ou erupcións volcánicas.

➤ **Lumes provocados pola actividade humana**

A actividade humana está detrás do 95% dos incendios forestais, que ben poden ser intencionados ou ter a súa orixe en negligencias ou descuidos como queimas en entornos agrícolas, traballos forestais ou fogueiras entre outros.

Clases de incendios forestais

Impactos e consecuencias

Cando un incendio forestal afecta a un territorio prodúcese un gran impacto sobre todas as partes que compoñen o ecosistema, dende a vexetación e a fauna pasando polo solo, a auga, a atmosfera chegando a influír mesmo no clima da zona.

Impactos na vexetación

Nun incendio forestal prodúcese a morte da vexetación presente no terreo ademais da destrución de gran parte do banco de sementes presentes no solo. Unha vez que cesa o incendio comezan a recuperarse as diferentes especies vexetais. Existen determinadas especies vexetais que son capaces de recuperarse antes que outras porque contan con mecanismos que llo permiten como a supervivencia vexetativa a partir de brotes ou a estimulación da xerminación por altas temperaturas.



Impactos na fauna

Ademais da morte de moitas especies porque non son quen de escapar do lume, unha vez que este cese as especies que consigan sobrevivir van a ver destruído o seu habitat, coa desaparición das zonas nas que atopar alimento e refuxio, o que as levará a desplazarse cara outros lugares. A zona queimada será colonizada por novas especies provocando cambios na biodiversidade.



Impactos no solo e na auga

Coa desaparición da vexetación o solo queda nu e vólvese máis sensible aos procesos de erosión causados pola auga e o vento. Despois dun incendio se pode formar unha capa repelente á auga que limita a infiltración aumentando a escorrentía superficial, esta escorrentía pode arrastrar materiais que acaban nos cauces dos ríos.



Impactos na atmósfera e no clima

Como consecuencia da queima da vexetación son liberados á atmosfera unha gran cantidade de gases de efecto invernadoiro, como o CO₂ e diferentes partículas en suspensión.

